Concello de MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900 - Marín
(Pontevedra)
CIF: P3602600C - Tfno: 986 88 03 00
www.concellodemarin.es

# ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 5 de maio de 2021.**

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 29 de abril de 2021.
2. Acórdase o inicio do expediente de contratación das obras de "Demolición de edificio e acondicionamento de solar" na rúa Concepción Arenal – Cantodarea.
3. Aprobación do proxecto "Demolición de edificio e acondicionamento de solar" na rúa Concepción Arenal – Cantodarea.
4. Dáse conta das bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á redaccións de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2021, de Augas de Galicia.
5. Dáse conta das bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, para a adquisición e instalación de equipamentos de medida do caudal subministrado en alta por sistemas de abastecemento de auga potable de titularidade pública na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2021, de Augas de Galicia.
6. Solicítase subvención á Consellería de Emprego e Igualdade para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais con destino ó proxecto Salvamento e Socorrismo, por importe de 117.792,00 €
7. Dáse conta da minoración de subvención en 951,29 €, concedida pola Consellería do Mar, ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.
8. Dáse conta da concesión de subvención con cargo á Liña 2 do Plan Concellos 2021, da Deputación de Pontevedra, con destino ó financiamento da Festa Corsaria 2021, por importe de 48.456,23 €.
9. Dáse conta da aprobación do "Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Marín para o acondicionamento da pista de tenis e a reparación de canlón e reixa de soborde da piscina municipal, ambos na Raña".
10. Solicítase subvención á Consellería de Emprego e Igualdade, para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) con destino ó proxecto Apoio ao servizo de limpeza forestal, por importe de 14.469,03 €.
11. Dáse conta da concesión de subvención a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,



CSV: 07E50007DC1600C4U6S3E1V1D9

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007DC1500E8F0H0O3N7J0 en https://sede.concellodemarin.es | FIRMANTE - FECHA<br>MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/05/2021<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/05/2021 18:45:04 | DOCUMENTO 20210515093<br>Fecha: 05/05/2021<br>Hora: 18:45 |
|---|---|---|

Concello de
MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900 - Marín
(Pontevedra)
CIF: P3602600C - Tfno: 986 88 03 00
www.concellodemarin.es

correspondendo ó Concello de Marín o importe de 1.937,78 € polo programa A "Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico".

12. Desestímase o recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/04/2021, polo que se denegaba solicitude de licenza de peche.
13. Concédese licenza de obra maior de instalación de ascensor eléctrico (sen cuarto de máquinas) no edificio de baixo + 5 plantas, sito na rúa Jaime Janer, 76.
14. Desestímase recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.02.2021 pola que se concedeu licenza de legalización das obras de instalación de equipamento deportivo consistente na instalación, na parcela con referencia catastral 36026A003060010001BH, en Chan do Monte, 27, de dúas pistas de pádel.
15. **Rogos e preguntas**. Non se formulan

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.



CSV: 07E50007DC1600C4U6S3E1V1D9



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007DC1500E8F0H0O3N7J0 en https://sede.concellodemarin.es | FIRMANTE - FECHA<br>MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/05/2021<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/05/2021 18:45:04 | DOCUMENTO 20210515093<br>Fecha: 05/05/2021<br>Hora: 18:45 |
|---|---|---|